

EXCMO. CONCELO DE RIBADEO  
CONCELLARÍA DE CULTURA

Banda Sinfónica  
Municipal de Ribadeo

Asociación Amadores da Música



*Vienna*  
aquí como en vienna  
concerto

**BMMR** Banda de Música Municipal de Ribadeo



# Viena como viena

Con catro ou cinco quilos de máis por barba despois das enchentas da noite de nadal e da de fin de ano e co peto temblando polos prezos incríbeis que acadan por estas datas nécoras, centolos, champaña e cotillón chega o concerto de nadal – aninovo que ano tras ano, dende 1992, ofrece a Banda Municipal de Ribadeo (BMR) baixo o ousado título de “Aquí como en Viena”.

– Si, señora – cabaleiro – neno - nena. Si, “Aquí como en Viena”, nin máis nin menos. Non é o un de xaneiro, día no que non habería “nin Dios” e cando lles digo que non habería “nin Dios” podo asegurarlles que por non haber non habería nin músicos, senón o catro. Tampouco é a señorial Viena coas súas rúas cheas de neve senón o “señorito” Ribadeo azoutado polo vento do nordés. No repertorio non hai moito Strauss, nin pai nin fillo, pero aínda así hai valeses porque, para os que aínda o dubiden tralo concerto de aninovo da Filharmónica de Viena, neste mundo hai máis quen compoña valeses cá saga dos Strauss. Non é o Valse do Segundo de Les Luthiers

pero si que é O Segundo Valse de Shostakovitch; tampouco é o Danubio Azul pero a BMR inclúe no seu repertorio desta noite outro valse sen botarse fóra da conca do segundo río máis grande de Europa. J. Ivanovic asina Olas del Danubio. E de Austria a Mexico con escala na Ponteareas do mestre Soutullo para escoitar outro valse. “En la inmensidad de las olas flotando te vi/ y al irte a salvar, por tu vida la mía perdí”. Con estes versos de rima fácil comeza Sobre las Olas, obra adicada por un compositor metido a poeta a unha mecenaz da música en Mexico e escrito a carón dun río que cruza Contreras, en Mexico D.F. Unha vez demostrado que os valeses non son patrimonio exclusivo dos vieneses, moito menos dos Strauss, seguimos o espectacular Camiño Real que nos marca Alfred Reed co ritmo marcial que Elgar lle imprimiu á súa Pompa e Circunstancia I até chegar a Portugal. Alí aproveitamos para corrixir a marcha e botar a camiñar co pé esquerdo, co que sempre se debe comezar, ao son do Comendador do mestre A. Morais. E para os que aínda queden con forzas James Barner pon á nosa disposición Alvamar Overture, moi acorde coa filosofía orixinaria do concerto de aninovo de Viena, erguer os ánimos dos vieneses e convencelos de encargar o novo ano con esperanza e optimismo.

Aquí, en Ribadeo, como en Viena, since 1992, unha humilde e irónica re - interpretación ao noso xeito dese rito musical, de estética “singular”, que cada primeiro de xaneiro nos ofrecen dende o Salón Musikvereir de Viena. Unha parodia con humor galego para entrar con bo pé, recorden que primeiro bota a camiñar o esquerdo, neste novo 2007. No nome de todas e todos os que formamos parte da BMR, dende @s músic@s, o director e a Asociación Amadores da Música queremos enviarlles os nosos mellores desexos para este ano que comeza.

“O verdadeiro heroísmo consiste en trocar os anxeios en liberdades e os ideais en feitos” - Castelao

S. López, músico da BMR

## Programa

- |   |                                   |   |                                  |
|---|-----------------------------------|---|----------------------------------|
| 1 | Ponteareas<br>R. Soutullo         | 2 | Alvamar Overture<br>James Barner |
| 3 | El Camino Real<br>Alfred Reed     | 4 | Comendador<br>A. Morais          |
| 5 | Olas del Danubio<br>J. Ivanovic   | 6 | Sobre las olas<br>J. Rosas       |
| 7 | Pompa e circunstancia<br>E. Elgar |   |                                  |

Director: **Lourenço Cruz**